



COACH DE FAMILIAS RECONSTITUÍDAS

"Na universidade as clases eran o de menos para min, tiña moitas ganas de saír da casa e púxenme a traballar enseguida. Comecei no Mcdonalds e foi emocionante, puíden coñecer a moita xente e pasei dun concepto do diñeiro abstracto a algo experiencial. Despois de xuntar cartos durante un ano busquei un piso compartido en Barcelona e marchei da casa, con dezanove anos coido que aprendín máis no Mcdonalds que na universidade".



Crieime nun barrio de Barcelona e fun a unha escola liberal onde faciamos moitas actividades máis alá do currículo. Cando eu nacín a miña era unha familia tradicional e meus pais traballaban os dous nunha carnicería que fora do meu pai. Eu pasaba moitas horas na carnicería e lembro xogar a lanzar boliñas de carne picada dun lado a outro do mostrador. Como traballaban tanto, pasaba moito tempo cos meus avós paternos, en realidade meu avó era o cabeza de familia porque tiña unha personalidade moi dominante e bastante agresiva. Meu pai estaba ausente da crianza e as miñas persoas de referencia eran miña nai e miña avoa.

Cando tiña oito anos miña nai mais eu fomos vivir á casa dos meus avós maternos con quen apenas tiña relación e un día, a nai dunha amiga miña díxome que meus pais estaban a separarse. Así foi como o souben, nin miña nai nin meu pai volveron comentar nunca nada, simplemente pasou.

Meus pais estableceron unha custodia compartida na vivía con miña nai; cada quince días ía unha fin de semana a casa de meu pai cunha visita entre semana os mércores pola tarde. Pero comezou a pasar que meu pai esquecía vir buscarme á escola, co cal eu xa chegaba os mércores cun pouco de medo, porque para min era moi vergonzoso e abafante ter que volver ao colexio despois dunha hora esperando na porta para dicir que meu pai non estaba. Así é que agradecín moito cando meu pai se emparellou cunha muller inmigrante de Ecuador que me acolleu e pasou a ser a miña persoa de referencia cando eu estaba con meu pai e, ademais, ao cabo de pouco tempo trouxo aos seus nenos a vivir con nós e pasei a ter dous medio irmáns de pais diferentes. Foi unha época moi bonita da miña vida, esta especie de familia medio estraña.

Seguín con este réxime de visitas até que meu pai se separou da súa parella cando eu tiña dezaseis anos e perdín moito contacto con el. Dalgún xeito a miña madrasta era a que facía este traballo que facemos moito as mulleres

de aglutinar á familia e de mediar para que as relacións estean vivas, así que cando ela marchou a relación con meu pai quedou moi precaria.

Daquela eu xa estaba na adolescencia e tiña facilidade para estudar, lémbrome que a min non me costaban os estudos, pero cando chegou o momento de empezar a decidir o que quería facer non tiña nin idea. Primeiro collín social, o segundo ano pasei a humanístico, pero inda seguín facendo algunha materia de social porque non daba escollido, e lamentei deixar as matemáticas. Así pasei todo o bacharelato porque era consciente que estaba a decidir sen saber que facer, e tramitei a miña solicitude de inscrición na universidade poñendo até cinco carreiras diferentes: comunicación audiovisual, filosofía, psicoloxía, socioloxía, e caín na primeira pola nota de corte, pero non tiña rumbo nesa época. Para min era moi cedo e lembro que cando vin a carreira de comunicación audiovisual, que finalmente foi a que cursei, o que me gustou foi que era moi variada, como seguir facendo primaria ou secundaria pero na universidade. Non tiña nada claro o que iso ía supoñer na miña carreira, e supuxo máis do que eu pensaba.

Naquel momento tiña moitas ganas de saír da miña casa porque comecei a ter mozos e ese era un tema complicado na casa, así que iso foi determinante á hora de marchar. Collín un traballo en Mcdonalds ao que ía fins de semana e festivos, iso era a caña, dábame unha sensación grande de poder e tamén puider coñecer a moita xente, xoves coma min que tiñan que traballar para poder pagar os estudos porque as súas familias non tiñan para pagarlles as universidades, amas de casa que despois de pasar moito tempo fóra do mundo laboral podían facer iso e non moito máis porque non tiñan formación, e xente con algunha discapacidade. Foi unha toma de contacto coa realidade bastante "heavy" e moi interesante, agora miro cara atrás e doume conta que a universidade era o tempo que pasaba entre unha fin de semana e outra no Mcdonalds.